

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS

- 6922** *Orde HAP/1136/2014, do 30 de xuño, pola que se regulan determinadas cuestións relacionadas coas obrigas de información e dilixencia debida establecidas no acordo entre o Reino de España e os Estados Unidos de América para a mellora do cumprimento fiscal internacional e a aplicación da Lei estadounidense de cumprimento tributario de contas estranxeiras, e se aproba a declaración informativa anual de contas financeiras de determinadas persoas estadounidenses, modelo 290.*

O 14 de maio de 2013 fíxose en Madrid o Acordo entre o Reino de España e os Estados Unidos de América para a mellora do cumprimento fiscal internacional e a aplicación da Lei estadounidense de cumprimento tributario de contas estranxeiras (en diante, o Acordo).

Este acordo, que ten por obxecto avanzar na loita contra a fraude fiscal internacional, establece un sistema de intercambio automático de información con fins tributarios no ámbito da asistencia mutua entre ambos os Estados, todo isto de acordo coa previsión contida no artigo 27 do Convenio entre o Reino de España e os Estados Unidos de América para evitar a dobre imposición e previr a evasión fiscal respecto dos impostos sobre a renda, feito en Madrid o 22 de febreiro de 1990.

O Acordo establece, por un lado, a obrigación das institucións financeiras españolas de identificar as contas cuxa titularidade ou control corresponde a entidades ou persoas residentes ou de cidadanía estadounidense e, por outro lado, de subministrar anualmente á Administración tributaria española información sobre as ditas contas financeiras. Cómpre lembrar que o Acordo, pola súa propia natureza xurídica, é directamente vinculante e de obrigado cumprimento para os suxeitos para os cales comporta o cumprimento de obrigacións, polo que esta orde se confire como un complemento do Acordo.

En particular, os tres primeiros artigos refírense aos obrigados tributarios e ao contido da obrigación, principalmente consistente na identificación das contas suxeitas a comunicación de información e na subministración desta á Administración tributaria española.

O artigo 4 sinala os termos máis favorables recollidos noutros acordos análogos.

Os artigos 5 e 6 permiten optar pola aplicación dos limiares referidos aos saldos das contas e pola utilización de terceiras partes prestadoras de servizos.

Os artigos 7, 8, 9 e 10 precisan ou especifican aspectos relacionados coa aplicación das normas de dilixencia debida.

Os artigos 11 e 12 refírense a particularidades propias das institucións de investimento colectivo e compañías de seguros.

Finalmente, os artigos 13, 14 e 15 refírense á declaración informativa.

En canto á aplicación do Acordo, esta establécese de forma gradual en relación coa información que debe subministrar o Reino de España aos Estados Unidos de América e, por tanto, que deben subministrar os suxeitos obrigados nesta orde á Administración tributaria española. Desta maneira, conforme o disposto no número 3 do seu artigo 3, o intercambio da totalidade da información a que se refire o Acordo non está previsto até 2017, en relación coas contas financeiras suxeitas a comunicación de información en 2016.

No ámbito da asistencia mutua, do que participa o Acordo, así como os futuros acordos que deriven doutras iniciativas internacionais relacionadas co intercambio automático de información con fins tributarios en que participa España, o artigo 37 bis do Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos

tributos, aprobado polo Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo, regula as obrigacións de información sobre contas financeiras. Para cumprir coa dita obrigación, as institucións financeiras estarán obrigadas a determinar a residencia ou, se for o caso, a nacionalidade das persoas que teñan a titularidade das contas ou o seu control, mediante a aplicación das correspondentes normas de dilixencia debida, desenvolvidas polo ministro de Facenda e Administracións Públicas conforme o establecido no citado artigo 37 bis.

En cumprimento dos mandatos contidos no citado artigo 37 bis, en uso da habilitación xenérica do artigo 117 da mesma norma, e de acordo co Consello de Estado, dítase a presente orde pola que se regulan determinadas cuestións relacionadas coas obrigacións de información e a dilixencia debida establecidas no Acordo e se aproba a declaración informativa anual de contas financeiras de determinadas persoas estadounidenses, modelo 290.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo 1. *Suxeitos obrigados.*

1. Aquelas entidades que, en virtude do disposto no Acordo entre o Reino de España e os Estados Unidos de América para a mellora do cumprimento fiscal internacional e a aplicación da Lei estadounidense de cumprimento tributario de contas estranxeiras, feito en Madrid o 14 de maio de 2013, en diante, o Acordo, e nesta orde, sexan unha institución de custodia, unha institución de depósito, unha entidade de investimento ou unha compañía de seguros específica e teñan a consideración de institución financeira española obrigada a comunicar información, están obrigadas a cumprir co previsto no Acordo, coas particularidades que se establecen nesta orde.

Para efectos da determinación dos conceptos de residencia e sucursal contidos no número 1.l) do artigo 1 do Acordo, será de aplicación a normativa sobre residencia fiscal e establecementos permanentes recollida no texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo, e o texto refundido da Lei do imposto sobre a renda de non residentes aprobado polo Real decreto legislativo 5/2004, do 5 de marzo.

2. Non teñen a consideración de institución financeira española obrigada a comunicar información e, por tanto, non están obrigadas a cumprir o previsto no artigo 4 do Acordo, salvo, se é o caso, as obrigacións que lles correspondan pola súa condición, as seguintes entidades:

1.º Aquelas identificadas no anexo II como institución financeira española non obrigada a comunicar información, así como as entidades xestoras de fondos de pensións regulados polo texto refundido da Lei sobre fondos e plans de pensións, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2002, do 29 de novembro, sempre que o seu obxecto social exclusivo sexa a xestión e administración dos ditos fondos de pensións.

2.º Aquelas que reúnan os requisitos sinalados na letra q) do número 1 do artigo 1 do Acordo.

Artigo 2. *Institucións financeiras.*

1. Teñen a consideración de institución de custodia aquelas entidades que posúan activos financeiros por conta de terceiros como parte importante da súa actividade económica, de acordo co previsto no número 1.h) do artigo 1 do Acordo.

Inclúense nesta categoría, en particular, as empresas de servizos de investimento que desenvolvan a dita actividade.

2. Teñen a consideración de institución de depósito aquelas entidades que acepten depósitos no curso ordinario da súa actividade bancaria ou similar.

Inclúense nesta categoría, en particular, as entidades de crédito e as entidades que emitan medios de pagamento que poidan ser cargados con anterioridade ao seu uso.

3. Unha compañía de seguros é unha compañía de seguros específica se os produtos que ofrece teñen a consideración, segundo o Acordo, de contratos de seguro

con valor en efectivo ou contratos de anualidades, ou se está obrigada a efectuar pagamentos en relación con eles.

Inclúense nesta categoría, en particular, as entidades aseguradoras autorizadas para operar no ramo de vida que desenvolvan a actividade sinalada no parágrafo anterior.

4. Teñen a consideración de entidade de investimento as seguintes entidades:

a) Aquelas cuxa actividade económica principal consista nunha ou en máis das actividades ou operacións sinaladas nos números (1), (2) ou (3) da letra j) do número 1 do artigo 1 do Acordo, realizadas en nome ou en favor dun cliente.

b) Aquelas cuxa renda bruta se atribúe principalmente ao investimento, reinvestimento ou negociación de activos financeiros, se a entidade é xestionada por outra entidade que é unha institución de depósito, unha institución de custodia, unha compañía de seguros específica ou unha entidade de investimento das descritas na letra a) anterior.

Para estes efectos, enténdese que a entidade é xestionada por outra entidade se a entidade que xestiona realiza, directamente ou a través de terceiros, calquera das actividades ou operacións descritas na letra a) anterior en nome ou en favor da primeira entidade.

Considérase que a actividade económica principal dunha entidade consiste nunha ou máis das actividades referidas na letra a), ou que a renda bruta se atribúe principalmente ao investimento, reinvestimento ou negociación de activos financeiros para os efectos da letra b), se o 50 por cento ou máis da súa renda bruta é atribuíble ás actividades anteriormente mencionadas, no período máis curto entre:

1.º O prazo de tres anos concluído o 31 de decembro anterior ao ano respecto do cal se realiza a determinación ou

2.º O tempo de existencia da entidade.

Inclúense nesta categoría, en particular, as institucións de investimento colectivo, as súas sociedades xestoras, as entidades de capital-risco e as súas sociedades xestoras, todo isto sen prexuízo do previsto nos artigos 1.2 e 11 desta orde.

Artigo 3. *Obrigacións derivadas do Acordo.*

De conformidade co previsto no artigo 4 do Acordo, as institucións financeiras españolas obrigadas a comunicar información deberán cumprir, nos termos que se establecen nel e coas particularidades recollidas nesta orde, as seguintes obrigacións:

a) Identificar conforme as normas de dilixencia debida as contas estadounidenses suxeitas a comunicación de información, definidas no número 1 do artigo 1 do Acordo, que a continuación se sinalan:

1.º Contas de depósito segundo a definición establecida na letra t) do dito número.

2.º Contas de custodia segundo a definición establecida na letra u) do dito número.

3.º Contratos de seguro con valor en efectivo segundo a definición establecida nas letras y) e z) do dito número, con exclusión dos contratos de reaseguro entre dúas compañías aseguradoras.

4.º Contratos de anualidades segundo a definición establecida na letra x) do dito número. Non se entenden incluídos neste concepto os pagamentos periódicos derivados dos instrumentos de previsión social establecidos no anexo II do Acordo nin os contratos de reaseguro entre dúas compañías aseguradoras.

5.º Participacións en capital ou en débeda de determinadas entidades segundo a definición establecida na letra s) números (1) e (2) do dito número, salvo as das entidades referidas no número 4.a) do artigo 2 desta orde.

Non obstante o anterior, non ten a consideración de conta financeira e, por tanto, non está suxeita ás obrigacións de comunicación de información, toda conta ou produto que teña a dita consideración de acordo co establecido no anexo II do Acordo.

Para os efectos das normas de dilixencia debida, para diferenciar as contas preexistentes e as contas novas, tomarase como referencia o 30 de xuño de 2014 e o 1 de xullo de 2014, respectivamente.

Así mesmo, en relación cos requisitos previstos na epígrafe A.1 da sección II do anexo II do Acordo, a data do 1 de xaneiro de 2014 débese entender referida ao 1 de xullo de 2014.

b) Comunicar anualmente á Axencia Estatal de Administración Tributaria a información establecida no subnúmero 2(a) do artigo 2 do Acordo, no tempo e forma prescritos nesta orde e sen prexuízo do previsto no número 1 do seu artigo 4.

c) Comunicar á Axencia Estatal de Administración Tributaria o nome de toda institución financeira non participante á cal efectuase pagamentos nos anos 2015 e 2016 e o seu importe total.

Para efectos de determinar o dito importe unicamente se terán en conta os pagamentos que a institución financeira española obrigada a comunicar información efectúe en relación coas contas financeiras cuxa titularidade corresponda á institución financeira non participante.

En ningún caso se entenderán incluídos dentro deste concepto e, en consecuencia, non se deberán incluír para efectos de determinar o importe total, os pagamentos que cumpran calquera das seguintes condicións:

1.º Os efectuados en contraprestación pola entrega de bens ou as prestacións de servizos de calquera tipo. Entenderanse incluídos nesta categoría, en particular, os seguintes conceptos: os salarios e outras formas de retribución dos empregados, as bolsas, os alugamentos en xeral, así como as rendas satisfeitas por arrendamentos financeiros;

2.º Aqueles en que a institución financeira española obrigada a comunicar información interveña de maneira pasiva no seu proceso de pagamento de tal modo que, ben non teña ningún coñecemento das causas que o motivan, ben non teña ningún control sobre este ou ben non teña a custodia dos bens a que se refire o pagamento;

3.º Os pagamentos efectuados relativos a operacións de préstamo de valores, operacións de venda con pacto de recompra, contratos a prazo, futuros, opcións, *swaps* ou transaccións similares que dependan directa ou indirectamente ou cuxo valor se determine por referencia ao pagamento de xuros ou a dividendos de fontes estadounidenses cuxa rastrexabilidade non permita á institución financeira española obrigada a comunicar información identificar directamente que proceden de fonte estadounidense.

d) Rexistrarse ante o organismo de Administración tributaria estadounidense (IRS) e obter o número de identificación correspondente denominado «GIIN» (*global intermediary identification number*).

e) Respecto aos pagamentos de fonte estadounidense suxeitos a retención que efectúen a unha institución financeira non participante ou en que interveñan como intermediarios nos ditos pagamentos:

1.º Se a institución financeira española obrigada a comunicar información é das descritas na letra d) do número 1 do dito artigo 4 do Acordo, deberá reter un 30 por cento sobre o importe dos ditos pagamentos.

2.º Se a institución financeira española obrigada a comunicar información é das descritas na letra e) do número 1 do dito artigo 4, non a deberá reter senón que deberá facilitar ao inmediato pagador a información que, se é o caso, permita a retención e a comunicación de información respecto do dito pagamento.

Artigo 4. *Termos máis favorables.*

Conforme o artigo 7 do Acordo, enténdense máis favorables e aplicables os seguintes termos:

1. Non existe obrigaón de obter e subministrar información con respecto ao ano 2013. A primeira subministración de información realizarase no ano 2015, referente exclusivamente a información correspondente ao ano 2014.

2. Sempre que non menoscabe os fins do Acordo, poderanse utilizar outras definicións en lugar das previstas nel, nos termos en que se regula a coordinación das definicións coa normativa do Tesouro estadounidense nos acordos asinados polos Estados Unidos con outras xurisdicións socias.

3. Se a institución financeira obtivo previamente documentación do titular da conta con base na cal determinou que aquel non ten status de cidadán estadounidense nin de residente dos Estados Unidos en cumprimento, entre outras, das súas obrigaóns derivadas dun acordo co organismo de Administración tributaria estadounidense (IRS) de intermediario cualificado, non estará obrigada a aplicar os procedementos descritos na epígrafe B(1) da sección II do anexo I do Acordo para as contas de menor valor ou os descritos nas epígrafes D(1) a D(3) da sección II do anexo I do Acordo para as contas de maior valor.

4. No caso de tarxetas de crédito ou liñas de crédito renovables que teñan a consideración de contas novas de entidade, a institución financeira poderá considerar que estas non están suxeitas a revisión, identificación ou comunicación de información sempre e cando a dita institución financeira establecese medidas e procedementos para impedir que o saldo debido ao titular das ditas contas sexa superior a 50.000 dólares.

5. Poderase presumir que a persoa física beneficiaria que sexa distinta da persoa designada como propietaria no contrato dun seguro con valor en efectivo e que reciba un capital por falecemento non é unha persoa estadounidense específica, e poderase considerar que a dita conta financeira non é unha conta estadounidense suxeita a comunicación de información, salvo que a institución financeira teña coñecemento de feito, ou poida chegar a coñecer, que o beneficiario é unha persoa estadounidense específica, caso en que a institución financeira debe seguir os procedementos descritos na subepígrafe B.3 da sección II do anexo I do Acordo. Para estes efectos, considérase que se pode chegar a coñecer que o beneficiario é unha persoa estadounidense específica se a información obtida pola dita institución financeira e asociada co beneficiario contén algún dos indicios de vinculación cos Estados Unidos descritos na subepígrafe B.1 da sección II do anexo I do Acordo.

6. Engádense como categoría de entidade non estadounidense distinta dunha institución financeira estranxeira que sexa entidade activa as entidades non estadounidenses distintas dunha institución financeira estranxeira que sexan exceptuadas (*excepted NFFE*), nos termos que se definen por remisión á normativa do Tesouro estadounidense nos acordos asinados polos Estados Unidos con outras xurisdicións socias.

7. Para efectos do número 5 do artigo 4 do Acordo, considerarase tamén que unha institución financeira española obrigada a comunicar información continúa cumprindo cos termos do Acordo, ou segue recibindo o tratamento de institución financeira estranxeira considerada cumpridora ou de beneficiaria efectiva exenta cando, sempre que cumpra os requisitos previstos nas letras a), b) e c) do dito número, teña entidades vinculadas ou sucursais que sexan tratadas como unha institución financeira estranxeira non participante exclusivamente debido á finalización da regra transitoria establecida para institucións financeiras estranxeiras limitadas e sucursais limitadas.

8. Amplíase a definición da entidade da epígrafe B.4.d) da sección VI do anexo I do Acordo, entendéndose tamén incluída nela unha subdivisión política dunha Administración non estadounidense, así como calquera ente público que exerce unha función da dita Administración ou subdivisión política no seu lugar.

9. Modifícase a definición da entidade da epígrafe B.4.e) da sección VI do anexo I do Acordo, de forma que, cando a entidade opere (ou se presente) como un fondo de investimento, como nos casos sinalados na dita letra, esta entidade non se considerará unha entidade non estadounidense distinta dunha institución financeira estranxeira.

10. Amplíase a definición da entidade da epígrafe B.4.i) da sección VI do anexo I do Acordo, entendéndose tamén incluída nela aquela que está establecida e opera no seu país de residencia, exclusivamente con fins deportivos, así como aquela que está establecida e opera no seu país de residencia e é unha organización profesional, liga profesional, cámara de comercio, organización sindical, organización agrícola ou hortícola, organización cívica ou unha organización cuxo único obxecto é promover o benestar social.

11. As seguintes modificacións das datas previstas no anexo I do Acordo:

a) Respecto á epígrafe B.3 da sección I, cando o limiar de saldo ou de valor se deba determinar o 30 de xuño de 2014, o dito saldo ou valor determinarase ese día ou o último día do período de referencia para a comunicación de información que conclúa inmediatamente antes do 30 de xuño de 2014, e cando o limiar de saldo ou de valor se deba determinar o último día do ano civil, o dito saldo ou valor determinarase ese último día ou o doutro período de referencia pertinente.

b) Respecto ás epígrafes A.1, A.2 e B da sección II, a data que se debe tomar como referencia é a do 30 de xuño de 2014.

c) Respecto á epígrafe C.1 da sección II, a data que se debe tomar como referencia é a do 30 de xuño de 2016.

d) Respecto á epígrafe D da sección II, débese entender referida aos procedementos de revisión reforzados das contas preexistentes de persoa física con saldo ou valor en 30 de xuño de 2014, ou en 31 de decembro de 2015 ou de calquera ano posterior, que excedan un millón de dólares estadounidenses.

e) Respecto á epígrafe E.1 da sección II, se a conta preexistente de persoa física é unha conta de maior valor en 30 de xuño de 2014, a institución financeira española obrigada a comunicar información deberá concluír os procedementos de revisión reforzada descritos na subepígrafe D desta sección respecto da dita conta antes do 30 de xuño de 2015, e comunicará, se for o caso, por primeira vez a información correspondente a esa conta, en 2015 ou en 2016, segundo a identifícase como conta estadounidense suxeita a comunicación de información en 2014 ou en 2015, respectivamente.

f) Respecto á epígrafe E.2 da sección II, se a conta preexistente de persoa física non é unha conta de maior valor en 30 de xuño de 2014, pero á conclusión de 2015 ou de calquera ano civil posterior se converteu en tal, deberase aplicar o previsto no dito número.

g) Respecto á sección III, o primeiro parágrafo débese entender referido ás contas cuxos titulares sexan persoas físicas e que se abrisen a partir do 1 de xullo de 2014, inclusive.

h) Respecto á epígrafe A da sección IV, a data que se debe tomar como referencia é o 30 de xuño de 2014.

i) Respecto á epígrafe B da sección IV, as contas preexistentes de entidade cuxo saldo ou valor exceda os douscentos cincuenta mil dólares estadounidenses en 30 de xuño de 2014 e as contas preexistentes de entidade que en 30 de xuño de 2014 non excedan os douscentos cincuenta mil dólares estadounidenses pero cuxo saldo exceda o último día de 2015 ou de calquera ano posterior un millón de dólares estadounidenses, débense someter a revisión de acordo cos procedementos descritos na epígrafe D desta sección.

j) Respecto á epígrafe E.1 da sección IV, a revisión das contas preexistentes de entidade con saldo ou valor que exceda os douscentos cincuenta mil dólares estadounidenses en 30 de xuño de 2014 debe estar concluída en 30 de xuño de 2016.

k) Respecto á epígrafe E.2 da sección IV, a revisión das contas preexistentes de entidade con saldo ou valor que non exceda os douscentos cincuenta mil dólares estadounidenses en 30 de xuño de 2014, pero que exceda un millón de dólares

estadounidenses en 31 de decembro de 2015 ou de calquera ano posterior, debe estar concluída no prazo de seis meses contados a partir da conclusión do ano civil en que o saldo exceda un millón de dólares estadounidenses.

l) Respecto á sección V, o primeiro parágrafo débese entender referido ás contas cuxos titulares sexan entidades e que se abrisen a partir do 1 de xullo de 2014, inclusive.

Artigo 5. Opción pola aplicación de limiares de saldo ou de valor e doutras exclusións.

As institucións financeiras españolas obrigadas a comunicar información poderán optar por aplicar os limiares de saldo ou valor e outras exclusións a que se refiren as seccións II.A., III.A. e IV.A. do anexo I do Acordo e o número 4 do artigo 4 desta orde.

Esta opción poderase exercer respecto de todas as contas ou separadamente respecto dun grupo de contas claramente identificable, como as correspondentes a unha liña de negocio ou a unha determinada localización.

Artigo 6. Recurso a terceiras partes prestadoras de servizos.

As institucións financeiras españolas obrigadas a comunicar información poderán recorrer aos servizos de terceiros para cumprir coas obrigacións previstas no Acordo. Non obstante o anterior, a responsabilidade do correcto cumprimento das citadas obrigacións seguirá recaendo sobre aquelas.

En caso de que exerzan a dita opción, poderán facer uso da documentación solicitada por elas, sen prexuízo do previsto no seguinte artigo.

A institución financeira deberá previamente comprobar que o terceiro conta con procedementos adecuados para o cumprimento das medidas de dilixencia debida e conservación de documentos.

Artigo 7. Declaracións do titular e probas documentais.

1. As declaracións do titular a que se refiren as normas de dilixencia debida do anexo I do Acordo poderanse realizar de calquera forma, incluíndo as canles electrónicas e telefónicas, que lle permita á institución financeira ter e gardar constancia do seu contido e data de emisión, e acreditar que foi efectuada polo titular da conta ou por quen o represente para estes efectos. O contido da declaración do titular poderá constar nun ou en varios documentos.

En particular, tratándose de contas novas de persoas físicas cuxa única residencia fiscal sexa España, a declaración do titular poderá consistir nunha confirmación verbal ante a institución financeira obrigada a comunicar información de que o seu único país de residencia fiscal é España, sempre que non exista ningún indicio de vinculación cos Estados Unidos e se considere razoable tal afirmación co contido da documentación necesaria para a apertura da conta.

2. As declaracións do titular deberán conter, ao menos, a seguinte información:

- a) Nome completo ou razón social.
- b) Enderezo completo do domicilio.
- c) País(es)/Xurisdición(s) de residencia fiscal.
- d) Número de identificación fiscal de cada país/xurisdición de residencia fiscal, se foi emitido.
- e) Cidadanía.

3. Serán válidas as declaracións do titular que consten nos correspondentes modelos aprobados pola Administración estadounidense.

4. Cando as institucións financeiras españolas obrigadas a comunicar información obteñan declaracións do titular ou probas documentais, respecto das cales coñezan ou poidan chegar a coñecer que son incorrectas ou non fiables, non se poderán basear nelas co obxecto de determinar a condición do cliente para os efectos do Acordo e deberán pedir unha nova declaración do titular ou documentación adicional que xustifique o seu

status. Se o cliente non achega a dita declaración ou documentación adicional, a institución financeira deberá tratar a conta como conta estadounidense suxeita a comunicación de información até o momento en que reciba a información necesaria que lle posibilite verificar correctamente o status do cliente.

5. En relación co período de validez das declaracións do titular e probas documentais, serán de aplicación as seguintes regras:

a) As declaracións do titular terán validez indefinida para efectos das normas de dilixencia debida.

b) En relación coas probas documentais, aquelas emitidas por un organismo público do Estado autorizado para o efecto, as cales non son obxecto de renovación ou modificación, e as que sexan proporcionadas por institucións financeiras non obrigadas a comunicar información ou polas persoas estadounidenses que non sexan persoas estadounidenses específicas, terán unha validez indefinida.

O resto de probas documentais terán unha validez, con carácter xeral, até o último día do terceiro ano natural seguinte á data en que foron proporcionadas á institución financeira, salvo se a data de caducidade da proba documental é posterior ao período de validez anteriormente mencionado, caso en que será válida até a dita data de caducidade.

Con independencia do previsto nas letras a) e b) anteriores, o período de validez finalizará se se produce un cambio de circunstancias que sexa susceptible de afectar o status do titular para os efectos do Acordo. Para estes efectos, non se considerará que existe un cambio de circunstancias polo só e exclusivo feito de que un certificado de residencia fiscal emitido pola administración tributaria do país ou xurisdición correspondente superase o prazo para o que se emitiu.

6. As probas documentais, as declaracións do titular e demais información usada na aplicación dos preceptos de dilixencia debida deberán estar á disposición da Administración tributaria.

Artigo 8. *Contas preexistentes e contas novas de persoas físicas e de entidades.*

1. As contas novas que sexan abertas con posterioridade ao 30 de xuño de 2014 por clientes persoas físicas que manteñan abertas na institución financeira española obrigada a comunicar información unha ou varias contas na dita data, poderán ser consideradas como contas preexistentes e non será necesario volver a obter documentación sobre o dito cliente, sempre e cando:

a) Se aplicasen ou vaian ser aplicados en prazo os correspondentes procedementos de dilixencia debida respecto ás contas preexistentes xa abertas, e

b) Todas as contas sexan tratadas como unha soa para efectos da aplicación de todos os preceptos relativos á dilixencia debida e comunicación de información.

2. Para efectos da aplicación dos preceptos do anexo I do Acordo relativos ás contas preexistentes de entidades e contas novas de entidades, a institución financeira española obrigada a comunicar información poderá facer uso das seguintes opcións:

a) Respecto á epígrafe D.1 da sección IV do anexo I do Acordo, poderase optar por aplicar a letra b) en primeiro lugar.

b) Respecto á epígrafe D.2 da sección IV do anexo I do Acordo, se se verifica o número de identificación global da entidade titular da conta (*global intermediary identification number*, GIIN) na lista publicada para o efecto polo organismo de Administración tributaria estadounidense, poderase considerar que a conta non é unha conta estadounidense suxeita a comunicación de información.

c) Respecto á epígrafe D.4 da sección IV do anexo I do Acordo, poderase optar por aplicar calquera das letras a), b) ou c) en primeiro lugar.

d) Respecto ás epígrafes A e B da sección V do anexo I do Acordo, para efectos de determinar se a entidade titular da conta é unha institución financeira española, unha

institución financeira doutra xurisdición socia ou unha institución financeira estranxeira participante, poderase tomar en consideración o número de identificación da entidade titular da conta (*global intermediary identification number*, GIIN) verificado na lista publicada para o efecto polo organismo de Administración tributaria estadounidense.

e) Respecto á epígrafe C da sección V do anexo I do Acordo, non será necesario obter a declaración do titular nos casos en que, sendo a entidade titular da conta unha persoa estadounidense, se determine razoablemente, sobre a base da información de que dispoña ou que sexa pública, que a dita entidade titular non é unha persoa estadounidense específica.

f) Respecto á epígrafe C.2 da sección V do anexo I do Acordo, para efectos de determinar se a conta debe ser tratada como unha conta estadounidense suxeita a comunicación de información, poderase optar por determinar, en primeiro lugar, se as persoas que exercen o control da entidade titular da conta son cidadás ou residentes dos Estados Unidos.

Artigo 9. *Agregación de saldos.*

De conformidade co previsto na epígrafe C da sección VI do anexo I do Acordo, a institución financeira española obrigada a comunicar información estará obrigada a agregar todas as contas abertas nela ou nas entidades vinculadas, pero só na medida en que os sistemas informáticos da dita institución financeira vinculen as contas por referencia a un dato, como o número de cliente ou o NIF, e permitan a agregación de saldos.

En particular, entenderase que non se cumpren os requisitos anteriores e, por tanto, non se deberá efectuar a dita agregación respecto ao correspondente titular da conta, cando á institución financeira non lle estea permitido proporcionarlle a este un extracto integrado de todas as súas posicións como consecuencia de restricións legais derivadas da normativa de protección de datos.

Aquelas contas que teñan un saldo negativo deberán computarse con saldo cero.

Artigo 10. *Definicións.*

Conforme o previsto no Acordo, os seguintes termos terán o seguinte significado:

a) «Entidades vinculadas»: unha entidade está vinculada a outra entidade se calquera delas controla a outra ou ambas as entidades soportan un control común. Para estes efectos, considérase que existe control cando se cumpren os requisitos de participación directa ou indirecta en máis do 50 por cento do capital dunha entidade e de posesión de máis do 50 por cento dos dereitos de voto nela, ambos conxuntamente.

b) «Xestor persoal»: aquel empregado da institución financeira que respecto de determinados titulares de contas, de maneira regular, asesora, recomenda, fai un seguimento ou facilita a execución de operacións con produtos financeiros, servizos ou outras actividades de asistencia relacionadas.

c) «Período de referencia pertinente»: poderase entender por tal o período comprendido entre o último aniversario dun contrato de seguro con valor en efectivo e a data de aniversario anterior.

Artigo 11. *Institucións de investimento colectivo.*

1. Ás institucións de investimento colectivo ás cales lles sexa de aplicación a Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, seralles de aplicación o seguinte:

a) As institucións de investimento colectivo inmobiliario non teñen a consideración de entidade de investimento para os efectos do Acordo, mesmo cando estean xestionadas por outra entidade de investimento.

b) Con carácter xeral, as obrigacións de revisión, identificación e, se for o caso, comunicación de información respecto ás accións ou participacións da institución de investimento colectivo corresponden á dita institución de investimento colectivo.

c) Cando un fondo de investimento sexa comercializado por unha entidade diferente á entidade xestora, serán de aplicación as seguintes regras:

1.º Se a comercialización non se realiza mediante un sistema de rexistro en contas globais por conta de terceiros, as obrigacións derivadas do Acordo corresponderán ao fondo de investimento, sen prexuízo de que sexa a entidade xestora a que, se é o caso e por aplicación do artigo 5.3 do Acordo, se encargue do seu cumprimento por conta do fondo de investimento.

2.º Se a comercialización de todas as participacións se realiza mediante un sistema de rexistro en contas globais por conta de terceiros, será de aplicación o previsto no anexo II do Acordo, tendo o fondo de investimento a consideración de institución financeira española non obrigada a comunicar información se se cumpren os requisitos previstos no dito anexo II.

d) Respecto das sociedades de investimento de capital variable (SICAV), se todas as accións das ditas sociedades son obxecto de negociación en bolsas de valores españolas ou no mercado alternativo bolsista e todas están depositadas en contas de custodia en institucións financeiras españolas obrigadas a comunicar información que cumpran coas obrigacións previstas no artigo 4 do Acordo, entenderanse cumpridos os requisitos previstos no anexo II do Acordo respecto á SICAV e, por tanto, os suxeitos obrigados a revisar, identificar e, se for o caso, comunicar a información, respecto deste tipo de contas financeiras, serán as referidas institucións financeiras españolas que manteñen as contas de custodia en que estean depositadas as accións emitidas pola SICAV.

O mesmo tratamento anterior será de aplicación ás institucións de investimento colectivo reguladas no artigo 79 do Regulamento de desenvolvemento da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, aprobado polo Real decreto 1082/2012, do 13 de xullo, cuxas accións ou participacións están admitidas a negociación na bolsa de valores, recaendo as obrigacións de revisión, identificación e, se for o caso, comunicación de información na institución financeira española que manteña a conta de custodia das accións e que cumpra coas obrigacións previstas no artigo 4 do Acordo.

2. No caso de institucións de investimento colectivo estranxeiras comercializadas en España mediante un sistema de rexistro en contas globais por conta de terceiros, o comercializador en España será o obrigado á revisión, identificación e, se for o caso, comunicación de información en relación coas accións ou participacións que comercialice.

Artigo 12. *Regras específicas aplicables aos contratos de seguro con valor en efectivo e contratos de anualidades.*

Respecto a este tipo de contas financeiras, serán de aplicación as seguintes regras:

1. O suposto de non suxeición previsto no número 3 da sección II.A do anexo I do Acordo só será aplicable se a institución financeira española obrigada a comunicar información non ten licenza para comercializar seguros en calquera estado dos Estados Unidos e os produtos non están rexistrados na autoridade supervisora de mercados financeiros estadounidense.

2. Para os efectos de calcular o saldo ou valor da conta, a institución financeira poderá utilizar, se for o caso, o valor de rescate ou o valor de capitalización a que se refire a Orde EHA/3481/2008, do 1 de decembro, pola que se aproba o modelo 189 de declaración informativa anual acerca de valores, seguros e rendas.

Artigo 13. *Aprobación do modelo 290, «declaración informativa anual de contas financeiras de determinadas persoas estadounidenses».*

1. Con periodicidade anual, as institucións financeiras obrigadas a que se refire o artigo 1 deberán remitir á Axencia Estatal de Administración Tributaria a declaración informativa de contas financeiras de determinadas persoas estadounidenses, modelo 290, mediante o envío dunha mensaxe informática de acordo co procedemento previsto no artigo 15 desta orde que incluírá, ao menos, o contido a que se refire o seu anexo, tendo en conta o previsto nos números 3.a) e 4 do artigo 3 do Acordo e no artigo 4.1 desta orde.

2. A presentación da declaración informativa realizarase entre o 1 de xaneiro e o 31 de marzo de cada ano en relación coa información financeira relativa ao ano inmediato anterior.

Artigo 14. *Condições e procedemento para a presentación da declaración informativa anual de contas financeiras de determinadas persoas estadounidenses.*

As institucións financeiras obrigadas presentarán a declaración informativa anual de contas financeiras de determinadas persoas estadounidenses conforme as condicións e o procedemento establecidos nos artigos 16 e 17 da Orde HAP/2194/2013, do 22 de novembro, pola que se regulan os procedementos e as condicións xerais para a presentación de determinadas autoliquidacións e declaracións informativas de natureza tributaria. Non obstante, debido ás características inherentes á declaración informativa anual de contas financeiras de determinadas persoas estadounidenses, non será de aplicación o disposto no número 2.c) do artigo 16 nin o establecido nos números 1.c), f) e g) do artigo 17 da Orde HAP/2194/2013, do 22 de novembro. Se a declaración contiver erros, só se aceptarán aquelas contas-titular para as cales non exista motivo de rexeitamento. Neste caso, a mensaxe informática de resposta conterá as relacións de contas-titular aceptadas e rexeitadas xunto coa expresión do motivo polo que non foron aceptadas. En caso de rexeitamento, a institución financeira deberá realizar as correccións necesarias e proceder a unha nova presentación en que se incluírán as contas-titular que no seu momento foron rexeitadas. Se algunha das contas-titular resulta aceptada, a mensaxe informática de resposta incorporará un código seguro de verificación de 16 caracteres, ademais da data e hora de presentación.

Artigo 15. *Formato e deseño das mensaxes informáticas.*

O formato e deseño das mensaxes informáticas en que consiste a declaración informativa de contas financeiras de determinadas persoas estadounidenses, así como os elementos en que se concrete o contido dela definido no anexo da presente orde, serán os que, en cada momento, consten na sede electrónica da Axencia Estatal de Administración Tributaria na internet.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Orde HAP/2194/2013, do 22 de novembro, pola que se regulan os procedementos e as condicións xerais para a presentación de determinadas autoliquidacións e declaracións informativas de natureza tributaria.*

Inclúese o modelo 290, declaración informativa de contas financeiras de determinadas persoas estadounidenses, na relación de declaracións informativas a que se refire o número 3 do artigo 1 da Orde HAP/2194/2013, do 22 de novembro, pola que se regulan os procedementos e as condicións xerais para a presentación de determinadas autoliquidacións e declaracións informativas de natureza tributaria.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 30 de xuño de 2014. O ministro de Facenda e Administracións Públicas, Cristóbal Montoro Romero.

ANEXO

Contido da declaración informativa anual de contas financeiras de determinadas persoas estadounidenses

As mensaxes informáticas que, en cumprimento do disposto na presente orde, sexan transmitidas á Axencia Estatal de Administración Tributaria deberán conter, nos termos e coas condicións establecidas polo Acordo entre o Reino de España e os Estados Unidos de América para a mellora do cumprimento fiscal internacional e a aplicación da Lei estadounidense de cumprimento tributario de contas estranxeiras, a seguinte información:

Con respecto á institución financeira obrigada a presentar a declaración informativa:

1. NIF.
2. *Global intermediary identification number* (GIIN) obtido ao rexistrarse ante a autoridade competente dos Estados Unidos de América.
3. Denominación ou razón social.
4. Enderezo, coa consignación, ao menos, os seguintes datos:
 - 4.1 País en que se encontra o enderezo indicado.
 - 4.2 Rúa ou nome da vía pública.
 - 4.3 Número.
 - 4.4 Andar, portal ou escaleira.
 - 4.5 Andar ou porta.
 - 4.6 Distrito ou barrio.
 - 4.7 Número de correos.
 - 4.8 Código postal.
 - 4.9 Cidade ou municipio.
 - 4.10 Provincia, rexión ou estado.
5. País de residencia.
6. Exercicio, coa consignación do ano natural a que corresponda a declaración.
7. Declaración complementaria ou substitutiva. No caso de que a institución financeira presente unha segunda ou ulterior declaración informativa, deberá indicar se se trata dunha declaración complementaria ou substitutiva e, se for o caso, o número de referencia da declaración substituída.

No caso de que quen presente a declaración actúe en calidade de «sponsoring entity» conforme o previsto no número 2 do artigo 1 desta orde, a información a que se refiren os números 1 a 6 deberá ser subministrada tanto respecto da «sponsored investment entity» como da entidade que actúa como «sponsoring entity».

En relación con cada conta financeira respecto da que, en aplicación das normas de dilixencia, a institución financeira determine que se trata dunha conta financeira suxeita a comunicación de información, deberán consignar os seguintes datos:

8. Número de conta. Poderá consistir nun código IBAN, ISIN, no número de referencia dun contrato de seguro con valor en efectivo ou dun contrato de anualidades ou en calquera outro código identificativo usado pola institución financeira obrigada a comunicar información.

9. Saldo ou valor total da conta ao final do ano natural, ou doutro período de referencia pertinente ou, en caso de cancelación da conta, no momento inmediatamente anterior á súa cancelación.

10. Moeda en que estea expresado o saldo da conta.

En relación con cada conta financeira e con respecto a cada titular dela, incluírase a seguinte información:

11. País de residencia, con carácter opcional. Poderase declarar máis dun país de residencia por cada titular da conta financeira.

12. Número de identificación fiscal atribuído polos Estados Unidos de América, sen prexuízo do disposto no artigo 3.4 do Acordo. O número de identificación fiscal consistirá no código EIN (*employer identification number*) no caso de que o titular da conta financeira sexa unha entidade. Poderán ser declarados, no caso de que existan, máis dun número de identificación fiscal estadounidense por cada titular da conta financeira declarada.

13. Nome completo no caso de persoas físicas, coa consignación de forma separada da seguinte información:

13.1 Primeiro nome. Se o titular da conta tiver varios nomes, consignarase o nome que apareza en primeiro lugar.

13.2 Segundo nome. Se o titular da conta tiver varios nomes, consignarase o nome que apareza en segundo lugar.

13.3 Apelido ou apelidos.

14. Denominación social no caso de que non sexa unha persoa física.

15. Enderezo, coa consignación, ao menos, dos seguintes datos:

15.1 País en que se encontra o enderezo indicado.

15.2 Rúa ou nome da vía pública.

15.3 Número.

15.4 Andar, portal ou escaleira.

15.5 Andar ou porta.

15.6 Distrito ou barrio.

15.7 Número de correos.

15.8 Código postal.

15.9 Cidade ou municipio.

15.10 Provincia, rexión ou estado.

16. Data de nacemento, nos termos establecidos no artigo 3.4 do Acordo.

17. Tipo de titular da conta. Deberase identificar se a entidade titular da conta financeira obxecto da declaración é:

a) Unha persoa estadounidense específica.

b) Unha entidade non estadounidense, distinta dunha institución financeira, que ten carácter pasivo, cando unha ou varias das persoas que exercen o control sobre ela son cidadás ou residentes dos Estados Unidos de América.

c) Unha institución financeira con titulares documentados que sexan persoas estadounidenses específicas (*owner-documented financial institution* conforme o previsto no número 2 do artigo 1 desta orde).

No caso de que algún dos titulares da conta financeira pertenza á segunda das categorías aludidas no número anterior, deberase incluír a información definida a continuación acerca das persoas estadounidenses específicas que exercen o control sobre os ditos titulares. No caso de que o titular da conta financeira sexa unha institución financeira con titulares documentados, deberase consignar a seguinte información en relación con todos os seus propietarios ou partícipes que sexan persoas estadounidenses específicas, con independencia do seu grao de participación ou control sobre o titular da conta.

18. País de residencia, con carácter opcional. Poderase declarar máis dun país de residencia por cada persoa respecto da cal se deba informar.
19. Número de identificación fiscal atribuído polos Estados Unidos de América, sen prexuízo do disposto no artigo 3.4 do Acordo. Poderán ser declarados, no caso de que existan, máis dun número de identificación fiscal estadounidense.
20. Primeiro nome. Se a persoa sobre a cal se deba informar tiver varios nomes, consignarase o nome que apareza en primeiro lugar.
21. Segundo nome. Se a persoa sobre a cal se deba informar tiver varios nomes, consignarase o nome que apareza en segundo lugar.
22. Apelido ou apelidos.
23. Enderezo, coa consignación, ao menos, dos seguintes datos:
 - 23.1 País en que se encontra o enderezo declarado.
 - 23.2 Rúa ou nome da vía pública.
 - 23.3 Número.
 - 23.4 Andar, portal ou escaleira.
 - 23.5 Andar ou porta.
 - 23.6 Distrito ou barrio.
 - 23.7 Número de correos.
 - 23.8 Código postal.
 - 23.9 Cidade ou municipio.
 - 23.10 Provincia, rexión ou estado.
24. Data de nacemento, nos termos establecidos no artigo 3.4 do Acordo.